



MANUEL TABOADA VIGO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE O PINO
INFORMA

ABERTO O PRAZO PARA SOLICITAR AXUDA ECONÓMICA PARA O PAGO DE PARTE DA FACTURA ELÉCTRICA A TRAVÉS DO TÍCKET ELÉCTRICO SOCIAL DE GALICIA

OBXECTO

Subvencionar parte da factura eléctrica ás unidades de convivencia con menores ou discapacitados cuxos ingresos totais da unidade de convivencia non superen 1,5 veces o IPREM (9.585,19€/ano).

TIPO DE AXUDA E CUANTÍA

- Será unha cantidade fixa de 180€ ao ano para as unidades de convivencia que cumpran os requisitos, e de 300€ ao ano para as que acrediten ser ademais familia numerosa.
- Os gastos subvencionables serán as facturas de electricidade (IVE incluído) cuxo período de lectura estea comprendido entre o 1 de xullo de 2016 e o 30 de xuño de 2017. No caso de que unha factura abranga un período que saia en parte do período subvencionable, considerarase subvencionado o custo rateado dos días incluídos nel.

REQUISITOS

- Ser residentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que na unidade de convivencia haxa menores de idade ou persoas con discapacidade con un grado igual ou superior ao 33%.
- Ser o pagador da correspondente factura de enerxía eléctrica.
- Que os ingresos totais da unidade non superen 1,5 veces o IPREM (9.585,19€/ano). A estes efectos, considérase unidade de convivencia o conxunto de todas as persoas que viven no mesmo domicilio.
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 do xuño, de subvencións.
- Só poderá presentarse unha única solicitude por unidade de convivencia.

SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

A través da sede electrónica: Presentación electrónica da solicitude. Para a presentación das solicitudes será necesario o DNI electrónico o ou calquera dos certificados reconhecidos pola sede da Xunta de Galicia. Poderán solicitar a información dirixíndose aos Servizos Sociais do Concello antes do remate de prazo.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Do 17 de xaneiro ao 15 de xullo de 2017

O Pino, 16 de xaneiro de 2017

O Alcalde